



www.oqueleo.com

© 2018, Marica Campo

© Desta edición:

2020, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-23-5

Depósito legal: M-26.623-2018

Printed in Spain - Impreso en España

Terceira edición: maio de 2020

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Xoán L. Bendaña, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas,

Julia Ortega, Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sustentable, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Unha misión para Clara

Marica Campo

Ilustración de cuberta
de Estelí Meza

oquele_o

Clara e o neno descoñecido

A nena abriu a porta e atopouno alí, cos pés xuntos sobre o felpudo da entrada. Era un pequeno da súa idade, dez anos máis ou menos, que portaba unha maleta de coiro desgastada nas cantoneiras. Daquela foi cando se deu conta de que desobedecera, sen pensalo, a orde da súa nai: «Clara, nunca abras a porta sen preguntar primeiro quen chama».

—Quen chama? —dixo, e rompeu a rir porque a pregunta xa non era necesaria ou tería que ser outra.

O neno sorriu e nada respondeu. Tiña os ollos negros igual ca pozos fondos e os dentes brancos tal folerpas de neve. Un gorro moi simpático cubríalle as orellas. Clara quedou hipnotizada, coma se a mirada do rapaz emitise unha forza magnética que non a deixase mover. Cando por fin conseguiu desviar a ollada, sentiu coma se a liberasen dunha atadura. Entón falou de novo:

—Quen es? Que queres? Como te chamas? De onde vés?

Fixo cada pregunta agardando un anaco, mais como o rapaz respondeu a todas co silencio, Clara pensou que quizais fose estranxeiro e falase outro idioma.

6 —Non me comprendes? Di algo, aínda que sexa noutra lingua. Eu tamén sei falar inglés. *Do you speak English?*

A expresión do neno non mudou en nada. Alí seguiu, sen se mover, co sorriso cravado no rostro e os ollos imantados a puxar por ela. A Clara nin sequera se lle pasou pola cabeza a posibilidade de lle dar coa porta nos fociños. Fose quen for, era un personaxe amigable, tenro, coma un curmán chegado de lonxe.

—Queres pasar? —dixo acompañando as palabras dun aceno que entendería calquera, ao tempo que se apartaba para non lle cerrar o camiño.

O descoñecido traspasou a porta da rúa e mais outra que separaba a entrada do salón e, sen que Clara o convidase a facelo, sentou nunha butaca cos pés xuntos e o corpo ergueito, coa maleta sobre os xeonllos, sorrindo e calado coma nos

momentos anteriores. Semellaba un vendedor tímido.

—Coméronche a lingua os ratos? Ah, seguro que es mudo —dixo a nena en voz alta e recordou ter oído que as persoas xordas posúen uns ollos moi expresivos, coma se o quixesen dicir todo con eles.

Mais, certamente, xordo non era. Oíuse a chave na porta e el volveu a cabeza na dirección da entrada. Clara, que sabía que a súa nai aparecería de inmediato, agarrouno pola man e tirou del para escondelo no seu cuarto. Despois xa pensaría que facer.

O misterio medra

8 —Pásache algo, Clariña? Atópote rara. Tiveches algún problema no colexio?

Clara sabía ben que a súa nai non era doada de enganar. Tampouco lle gustaba mentir, mais non o fixo cando respondeu porque, efectivamente, no colexio non lle pasara nada.

—Non, mamá, está todo ben. Precisamente hoxe tivemos ciencias e estamos cos ecosistemas. Dentro dos forestais, o que máis me gusta é a selva. Eu quero ser exploradora. Cando sexa maior hei de ir á selva amazónica. Está en nove países, pero a maior parte atópase no Brasil e en Perú —dixo coma se recitase unha lección.

Porén, movíase nerviosa, igual que cando tiña moitas ganas de ouriñar e atopaba os baños ocupados.

—Anda, vai ao aseo e cóntasmo despois —aconselloulle a nai, interpretando mal o seu desacougo.

Estivo a piques de aclararlle que non se trataba de ningunha urxencia urinaria (Clara era moi exacta no uso das palabras desde que as aprendía, mesmo algo sabichona); pero caeu na conta a tempo de que tiña unha boa oportunidade para ir ver o neno descoñecido.

—Xa vou. Volvo para poñer a mesa, pero como aínda tardarán en chegar papá e Carme, ordenarei un pouco o cuarto.

—Falta lle fará. Ben sabes que paso revista para che recordar o que queda fóra de sitio, pero hoxe era tarde e non puiden —dixo a nai mentres batía as verduras que cocera para facer puré.

—Botácheslle cenoria? —preguntou a nena poñendo cara de noxo.

—Cenoria, porro, cabaciño, tomate, apio e unha pataca: moi san. Hai que se afacer a comer de todo. Ademais, entre tantas cousas, nin sequera se nota o sabor da cenoria. Pero..., non tiñas présa de ir ao baño? —recordoulle a nai.

Clara saíu correndo, coma se, efectivamente, a apremasen as ganas de ouriñar. Petou cos cotenos levemente na porta do propio cuarto e, ao non obter resposta, abriu amodo, igual que se alguén estivese durmindo e non o quixese esperar. Dentro non había ninguén. Mirou baixo do leito, no armario e saíu ao balcón, non fose que se agochase alí.

O neno misterioso esfumárase. Mais, por se lle quedase algunha dúbida da súa anterior presenza na casa, a maleta de coiro, a mesma das cantoneiras gastadas, estaba no medio e medio do cuarto.

—Por onde fuxiría? —preguntouse a rapaza mentres contemplaba o balbordo da rúa e sentía a vertixe dos oito andares que a separaban dela.

Clara non quere ser unha abesullona

Dubidou de se debía abrir a maleta. Sempre lle ensinaron que non se podía osmar nas cousas dos outros. Se cadra o rapaz regresaba e descubría que andara revolvendo nela. Que a tivese por unha abesullona non era o peor. O peor era que ela se sentise tal.

—Hai que facer as cousas convencida, non porque te poidan ver e castigar —escoitou na memoria a seu pai.

Por iso arrastrou a maleta para debaixo da cama mentres non se lle aclaraban as ideas.

Entrou na cociña cantaruxando unha canción que lle facía moita graza: «Sete cuncas de papas de millo unha vella comeu / e quebroulle o cordón do xustillo de tanto que encheu. / Tiña fame e comeu outras sete e mais recuncou / e despois fixo igual ca un foguete —chispún!— e estoupou».

—Por certo, mamá, que é un xustillo?

A nai riu e Clara non soubo que o que lle provocara a risa fora a música e non a pregunta nin a letra que coñecía de toda a vida porque lla tiña escoitado á súa avoa.

—O xustillo era unha peza de roupa interior que apertaba o corpo ata a cintura. Facía o tipo moi estilizado, pero debía ser un tormento. Son moito máis cómodos os suxeitadores que usamos agora —respondeu a nai e púxose a cantaruxar ela o da vella e as papas de millo.

—Mamá, esa non é a música. Esa canción é un rap. Cantámola co profesor de música —explicou Clara, convencida da súa novidade.

—Cando vivía a miña avoa non había tal rap, e foi ela quen me cantou por primeira vez esa canción. É máis vella ca andar a pé —concluíu.

—Daquela, polo menos é dos tempos de Lucy, unha femia dos *Australopithecus*, que pode que fosen os primeiros bípedes. Sabes quen é Lucy? —preguntou.

A nai mirouna de arriba abaixo e, nun ton de burla, respondeu:

—Dimo ti, madama Sabichona. E bule a poñer a mesa, que están a chegar.

—Xa a poño nun santiamén, pero antes déixame que che explique o de Lucy. É parte dun esqueleto que apareceu en Etiopía. Cando o equipo de investigadores atopou os restos, estaba soando *Lucy in the Sky with Diamonds*, dos Beatles. Contóunolo o profesor de música —dixo Clara cantaruxando a letra de John Lennon—. Eu era a única da clase que a sabía.

13

E deu en cantala nun ton moi afinado:

*Picture yourself in a boat on a river
with tangerine trees and marmalade skies
somebody calls you, you answer quite slowly,
a girl with kaleidoscope eyes
cellophane flowers of yellow and green,
towering over your head
look for the girl with the sun in her eyes,
and she's gone
Lucy in the sky with diamonds
follow her down to a bridge by a fountain
where rocking horse people eat marshmallow pies,
everyone smiles as you drift past the flowers
that grow so incredibly high
newspaper taxis appear on the shore*

*waiting to take you away
climb in the back with your head in the clouds
and you're gone
Lucy in the sky with diamonds
picture yourself on a train in a station
with plasticine porters with looking glass ties
suddenly someone is there at the turnstile
the girl with the kaleidoscope eyes
Lucy in the sky with diamonds...*

—Vaia, menos mal que a esta non lle cambiou a música —dixo a nai, e seguiu cantando mentres a nena poñía a mesa.

Non tardaron en chegar o pai, Antón, e mais Carme, a irmá de quince anos que tiña o instituto moi cerca de onde traballaba el e por iso viñan xuntos. Tamén viñan xuntas Clara e a nai, porque esta era mestra no colexio da pequena, mais hoxe a nena chegara antes, xa que María tivera unha reunión.